

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN SERVIZO TRANSDISCIPLINAR DE APOIO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA CONSECUCIÓN DOS SEUS PROXECTOS DE VIDA NA COMUNIDADE NO EXERCICIO 2025 (Tramitación anticipada)

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade , actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade , no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Anxo Antón Queiruga Vila, con DNI 76778938Q, presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade con NIF G32115941, que actúa en nome e representación da entidade, nomeado polo acordo da Asemblea Xeral do 26/04/2024, segundo o disposto no artigo 36 seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administración ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao



abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, entidade de natureza asociativa, declarada de utilidade pública polo Ministerio de Interior con data 26 de maio de 2004, figura inscrita no Rexistro de Asociacións co número 2003-93-2. Así mesmo, a entidade figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-154.

De conformidade co artigo 7 dos seus estatutos, a entidade ten por finalidade, entre outras, a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

V. Que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade é a entidade que representa ás asociacións e federacións de persoas con discapacidade física en Galicia, e á súa vez é membro da Confederación Coordinadora Estatal de Persoas con Discapacidade Física de España (COCEMFE), e tamén é membro fundador do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI-GALICIA).



VI. Fai cinco anos a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade puxo en marcha un programa experimental que segundo foi avanzando evolucionou cara a un programa innovador de intervención con enfoque transdisciplinar baseado no modelo de atención integral e centrada na persoa. Este programa tiña como finalidade identificar unha metodoloxía de traballo coa que acompañar ás persoas con discapacidade para dar un salto cualitativo no seu desenvolvemento autónomo na súa contorna a curto-medio prazo.

Tendo en consideración o indicado e en valoración aos resultados obtidos faise preciso o desenvolvemento dun novo programa para a posta en marcha dun servizo transdisciplinar de apoio para persoas con discapacidade na consecución dos seus proxectos de vida na comunidade .

O paradigma de atención integral e centrada na persoa está conformada por dúas dimensións: a integralidade e a atención centrada na persoa. A integralidade determina que se contemplan todos os ámbitos que constitúen á persoa e que a atención non se debe centrar só na perda de saúde ou capacidade funcional senón que debe estar enfocada tamén na vida afectiva, na necesidade de interacción e participación social, nas necesidades educativas, na inserción laboral, etc. Para isto é clave a interacción entre os servizos sociais e sanitarios. A atención centrada na persoa é aquela que ten como eixo de actuación á persoa. As condicións ambientais, a tecnoloxía, os servizos formais e as relacións e intervencións profesionais concíbense e constitúense como apoios para incrementar a calidade de vida e o benestar das persoas.

Por outra banda, o enfoque transdisciplinar implica a integración e colaboración entre diferentes disciplinas (fisioterapia, terapia ocupacional, psicoloxía, etc.) para abordar problemas complexos de xeito holístico. Isto aporta unha visión integral e a concepción da realidade como un todo, o que supón compartir coñecementos entre as diferentes disciplinas ademais dun incentivo para a innovación e a creatividade para a resolución de ditos problemas.

Logo dos anos traballados na recollida das evidencias e considerando toda a evolución metodolóxica acaecida dende o inicio da experimentación, no derradeiro ano defínese o modelo de intervención, no que as intervencións (procedementos/terapias de



habilitación e mantemento funcional e psicosocial para a vida autónoma e actuacións para o desenvolvemento persoal e social) nacen do plan de apoios individualizados acordado con cada persoa, e o proceso de toma de decisións, liderado tamén pola propia persoa, está acompañado polo equipo de persoas profesionais para á análise das capacidades, necesidades e expectativas da persoa obxecto da actuación. O tempo máximo de estancia no programa é de 12 meses.

Con estas premisas, no que vai deste ano 2024, traballouse con máis de 65 persoas de xeito continuado, que contaron co seu plan de acción personalizado. 32 delas xa finalizaron a experiencia neste período, acadando un mínimo do 80% dos seus obxectivos individuais. Estes obxectivos viñan vinculados a autonomía nos desprazamentos, en actividades básicas de vida diaria, en actividades instrumentais da vida diaria, reincorporación laboral, condución adaptada, entre outras; é dicir, fomentar a autonomía da persoa evitando os apoios de terceira persoa ou minimizándoos, segundo o caso, facendo á persoa protagonista do seu cambio. Das restantes persoas, 28 están na etapa de sistematización e traslado das aprendizaxes e habilidades/capacidades adquiridas á súa contorna próxima, sendo este traslado un elemento clave para o éxito da propia experiencia a través do mantemento e aproveitamento dos resultados por parte da propia persoa participante a medio-longo prazo. Un dos aspectos fundamentais da metodoloxía e a intervención coas persoas na súa contorna, que resulta fundamental para a adquisición de autonomía e participación activa das persoas beneficiarias na súa comunidade, posto que desenvolverse na súa contorna real facilita poder incidir nas dificultades/barreiras reais que unha persoa se atopa no seu día a día, acadando estratexias para resolvelas in situ.

VII. Conforme ao establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, para o desenvolvemento das súas funcións conta co Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI) como servizo competente para prestar apoio integral ás persoas con discapacidade física e dependentes, atopándose entre as súas competencias a proposta de proxectos de colaboración, con entidades públicas e privadas. No seo destes proxectos de colaboración, estímase que o CEGADI resulta así mesmo ser o emprazamento óptimo para a execución do presente programa, ben nas súas propias



instalación, ben coordinando dende alí as actuacións que teñan lugar noutros ámbitos de execución deste convenio, resultando a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, a única entidade que conta cos medios materiais e humanos no ámbito da comunidade autónoma para dotar ao proxecto da dimensión axeitada, sendo a entidade de referencia en Galicia do colectivo ao que van dirixidas as actuacións obxecto do programa.

A execución das actuacións obxecto deste programa en ningún caso suporá unha duplicidade das funcións establecidas no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, como función propias do CEGADI.

VIII. Neste contexto, en base ao previsto, este programa de terapia cualificada ten un contido innovador polo que non é encadrable en ningún dos servizos actuais.

IX. O presente convenio ten un carácter diferenciador con respecto a outros programas de intervención social das persoas con discapacidade e das súas familias, obxecto de outras colaboracións por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, cun ámbito de desenvolvemento de actividades particularizado centrado especialmente no CEGADI e cunha transferencia de resultados á propia Consellería de Política Social e Igualdade que adquire a titularidade dos mesmos para os usos futuros precisos. Polo tanto, polo seu obxecto, polos destinatarios das actividades, polo ámbito material de desenvolvemento, e polo feito de que non forma parte da programación anual a desenvolver por COGAMI (financiadas a través dun convenio nominativo) motivan a subscrición desta nova colaboración precisa para o avance na mellora da prestación dos servizos sociais na Comunidade Autónoma de Galicia.

X. Tendo en conta os obxectivos coincidentes, ambas partes veñen poñendo en común os seus esforzos a través de convenios de colaboración para a realización de actividades de promoción da autonomía persoal e inclusión social, nos termos previsto no capítulo VI da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Esta técnica de cooperación considerase especialmente eficiente para a xestión dos recursos públicos dende a perspectiva do seu aproveitamento racional, a busca de sinerxías e a coordinación de esforzos entre as partes.



XI. Por outra banda, a Orde, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo VI no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

De acordo con esa normativa, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso do gasto. Todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento da orde citada enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da aprobación desta convocatoria.

O 17 de outubro de 2024 o Consello da Xunta aprobou o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, no que está consignado crédito adecuado e suficiente para este convenio.

En virtude do exposto, e recoñecéndose ambas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e ámbito de actuación*

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante COGAMI), para o desenvolvemento dun programa para a posta en marcha dun servizo transdisciplinar de apoio para persoas con discapacidade na consecución dos seus proxectos de vida na comunidade .

Os obxectivos que se pretenden son os seguintes:



- a) Contribuír á mellora da calidade de vida, autonomía e independencia das persoas con discapacidade mediante un enfoque transdisciplinar a través da aplicación do modelo de atención integral e centrada na persoa.
- b) Favorecer a autonomía e a participación de persoas con discapacidade na comunidade.
- c) Aplicar as estratexias e mecanismos extraídos do desenvolvemento do programa de intervención.
- d) Desenvolver actuacións encamiñadas á habilitación e mantemento funcional e psicosocial para a vida autónoma, tomando como base os plans de vida acordados.
- e) Definir e desenvolver aquelas outras actuacións complementarias necesarias para o logro dos obxectivos individuais recollidos nos plans individuais definidos.

O número total de persoas participantes neste programa son 230.

Poden solicitar a súa participación no programa:

- a) persoas adultas con discapacidade física e/ou orgánica e/ou dependencia ata 65 anos que precisen de apoios para unha recuperación funcional e para a promoción da autonomía persoal, a xuízo do equipo de valoración.
- b) Menores dende idade temperá ata a adolescencia con discapacidade física e/ou orgánica e/ou dependencia, que presenten dificultades na adquisición de destrezas motoras, da comunicación e das actividades básicas da vida diaria que repercutan na autonomía persoal, a xuízo do equipo de valoración.

O equipo de valoración é o propio equipo transdisciplinar do servizo.

O proceso para acceder ao servizo está aberto de xeito continuado ao longo do ano. O modo de solicitalo é tanto de xeito directo (a propia persoa /familia o solicita) ou ben recibimos unha derivación tanto de profesionais da propia entidade, coma doutras organizaicóns, servizos médicos ou hospitais.

Unha vez efectuada a solicitude faise un primeiro contacto coa persoa, e o equipo transdisciplinar do servizo fai unha primeira valoración para determinar se o recurso é o axeitado para a persoa, considerando que o tempo máximo de estancia no servizo son



a priori 12 meses, e que nese tempo, ten que existir unha posibiidade real de mellora significativa na autonomía da persoa. Se nesta primeira avalaiación conclúese que é un recurso axeitado, faríase unha valoración posterior con maior porfundidade, para co-
mezar o deseño do plan individualizado con obxectivos concretos, semple de acordo
coa persoa e de xeito transdisciplinar.

Teranse en conta, con carácter prioritario, ás persoas que acaben de adquirir unha
discapacidade que lle ocasione unha situación de dependencia e/ou que teñan unha
enfermidade de carácter dexenerativo, que as convertan en obxectivo deste proxecto
de cara a atrasar ao máximo a dexeneración física e cognitiva da mesma

SEGUNDA. Actuacións do Programa integral

As actividades ou actuacións que se van a desenvolver coa colaboración son as
seguintes:

a) Procedementos/terapias de habilitación e mantemento funcional e psicosocial:

1º. Técnicas e procedementos a aplicar en fisioterapia, nas que se atopa a fisioterapia
aplicada á persoa de perfil neurolóxico adulta , fisioterapia aplicada á pediatria e
menores de idade (intervención en infantes con alteracións de tipo ortopédico,
postural, neurolóxico, atrasos madurativos,síndromes), fisioterapia aplicada a
alteracións de tipo musculoesquelético, osteoarticular e alteracións reumáticas
crónicas, entre outras; e rehabilitación física a través de videoxogos e nova tecnoloxía
de apoio.

2º. Técnicas e procedementos a aplicar en terapia ocupacional, nas que se atopan
terapia ocupacional aplicada á persoa de perfil neurolóxico adulta, terapia ocupacional
aplicada á menores, terapia ocupacional e produtos de apoio que está orientada ao
asesoramento en canto ao posicionamento e sedestación en cadeira de rodas, uso de
dispositivos de apoio e/ou de tipo ortopédico, terapia ocupacional en Sala de
Integración Sensorial, terapia Ocupacional en Sala de Estimulación Multisensorial (ou
sala Snoezlen), rehabilitación neurocognitiva, da comunicación, e participación social a
través de dispositivos tecnolóxicos.



3º. Técnicas e procedementos a aplicar na logopedia , nas que se atopan as dirixidas a á persoa de perfil neurolóxico adulta , á pediatría e menores de idade, e a aplicada á persoa de perfil neurolóxico con apoio de novas tecnoloxías.

4º. Técnicas e procedementos a aplicar na neuropsicoloxía nas que se atopan a rehabilitación neuropsicolóxica e o asesoramento.

b) Actuacións complementarias para o desenvolvemento persoal e social das persoas con discapacidade segundo o modelo de atención integral centrado na persoa:

1º. Información, asesoramento e orientación para dar resposta ás necesidades de información das persoas con discapacidade, familias e entidades públicas e privadas vinculadas ao sector social, en todo aquilo relacionado coa discapacidade:

- Información xeral.
- Formación e emprego.
- Asesoramento xurídico.
- Asesoramento en accesibilidade.
- Informacións que derivan en intervencións sociais.

2º. Intervención social:

- Traballo e apoio social coas persoas con discapacidade participantes do programa, a nivel individual e persoal.
- Traballo e apoio social coas familias.
- Traballo coa comunidade, coordinando e colaborando con entidades e profesionais.

3º. Intervención en accesibilidade e produtos de apoio:

- Asesoramento xeral en materia de accesibilidade e produtos de apoio.
- Elaboración de proxectos para adaptación da vivenda e o posto de traballo.
- Elaboración de plans de Accesibilidade para Administracións Públicas.
- Divulgación e formación en materia de deseño universal e supresión de



barreiras.

- Impresión de produtos de apoio personalizados con tecnoloxía 3D.

Con este servizo preténdese darlle continuidade as bos resultados obtidos nos 5 anos anteriores, nos que se vén experimentando e evolucionando unha nova metodoloxía de intervención. O resultado principal é que o 90% da persoas que acceden ao servizo acadan cando menos o 75% dos seus obxectivos individuais, o que significa que ven a súa autonomía significamente mellorada nun prazo máximo de 12 meses dende que acceden.

TERCEIRA. *Medios materiais e persoais necesarios para a execución do programa*

1. A execución deste proxecto realizarase, no Edificio Centro Galego de Desenvolvemento Integral para persoas con discapacidade (CEGADI), na planta baixa e segunda, situado na rúa Queixume dos Pinos, 2 (Polígono de Salgueiriños) - 15781 Santiago de Compostela, sen prexuízo a outras localizacións derivadas da esixencia da execución da actuación.

A Consellería de Política Social e Igualdade comprométese, previa solicitude de COGAMI, a poñer a disposición da entidade os espazos físicos necesarios para a realización das actuacións obxecto do programa mediante a subscripción do documento administrativo correspondente de conformidade co disposto na normativa reguladora de patrimonio público de Galicia.

2. A Consellería de Política Social e Igualdade prestará o asesoramento técnico necesario para o desenvolvemento do obxecto do convenio.

3. Durante a vixencia deste convenio COGAMI poderá facer uso do equipamento mobiliario e informático existente nas instalacións do CEGADI para garantir o desenvolvemento do programa nas condicións axeitadas para a execución do convenio.

4. Para levar a cabo as actividades previstas na cláusula segunda deste convenio, COGAMI aportará un equipo multidisciplinar formada por: traballadores sociais, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, psicólogos, neuropsicólogos, logopedas, pedagogos, monitores (persoal de apoio), coidadores, expertos en accesibilidade,



expertos en asociacionismo-transferencia de metodoloxía, expertos en intermediación laboral, formadores, así como o persoal de xestión e de servizos básicos necesario para garantir o adecuado desenvolvemento do programa. O custo do persoal que vai a desenvolver a actividade será o previsto na memoria económica que se achega con este convenio. O persoal contratado por COGAMI será o preciso para o debido desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio.

No suposto de que para o desenvolvemento deste programa COGAMI precisara da adaptación de espazos ou instalacións como electricidade ou datos, deberá presentar o proxecto e acadar a autorización dos departamentos competentes da administración autonómica.

CUARTA. Obrigas laborais e sociais

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

En ningún caso, o outorgamento dos contratos para a realización das actividades do programa do presente convenio suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a administración e o contratista. COGAMI coidará especialmente o cumprimento desta obriga, incluíndo nos seus contratos para o desenvolvemento das actividades do programa referencia expresa aos seguintes extremos:

- a) Que á extinción do contrato de persoal de COGAMI para as actividades do programa non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto seu contrato como persoal da Xunta de Galicia.
- b) Que o persoal adscrito á execución do programa que describe o convenio dependerá exclusivamente de COGAMI, a cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Conselleira de Política Social e Igualdade de todo allea ás referidas relacións. En ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Conselleira de Política Social e Igualdade nin



esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre COGAMI e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a dita Confederación adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do convenio.

QUINTA. Orzamento

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio establécese un orzamento total de **626.666,67 €** e que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.04.312D.640.0 (código de proxecto 2018 00046)** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

SEXTA. Obrigas da entidade

1. COGAMI terá que cumprir as obrigas seguintes:

- a) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta colaboración.
- b) Presentar perante a Consellería de Política Social e Igualdade xustificación acreditativa da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determina o obxecto da colaboración.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle a Consellería de Política Social e Igualdade a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante 10 anos, segundo o previsto no artigo 27 y 28 Real Decreto 304/2014, de 5 de maio, polo que se aproba o Regulamento de la Ley 10/2010, de 28 de abril, de prevención del blanqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio: "Cofinanciado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

SÉTIMA. *Gastos do programa*

O importe do orzamento destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados a partir do 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de agosto de 2025, relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda de acordo co previsto na memoria económica.

En ningún caso o custo de adquisición poderá ser superior ao valor do mercado.

Os gastos aplicables ao obxecto do convenio serán os gastos directos da actividade, tendo tal consideración os que a continuación se detallan:

a) Gastos de persoal: Inclúense neste apartado os gastos relativos ao persoal de atención directa que integra o equipo multidisciplinar e do persoal de xestión e servizos básicos necesarios para a execución Do programa, nos que se integran os



custes salariais brutos e de seguridade social ata un límite de 42.000 euros anuais por traballador a xornada completa. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial. Inclúiranse nesta partida de gastos de persoal as cotas de seguros sociais a cargo da entidade do persoal contratado e a correspondente retención do IRPF en aplicación da normativa fiscal.

b) Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao programa. Os gastos de desprazamento deberán axustarse a tarifas de transporte económicas, para as axudas de custo deberán tomarse como referencia as establecidas para a administración pública. Así mesmo na fase de xustificación deberán recollerse os motivos da viaxe e o lugar de reunión.

c) Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coa actividade obxecto do programa; estes deberán ser moderados, realizados, en relación co programa, e coa razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.

d) Gastos de conservación e mantemento, subministracións, servizos alleos, gastos administrativos e de xestión necesarios para a realización da experiencia conveniada.

e) Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas participantes directas nas actividades.

En todo caso os gastos en equipamentos e a realización de investimentos que han de quedar adscritos ao inmovible do CEGADI serán realizados pola Xunta de Galicia.

OITAVA. Subcontratación

Poderá ser obxecto de subcontratación a execución parcial do programa, nos termos establecidos na presente cláusula, sempre que COGAMI acade previamente a súa autorización pola Consellería de Política Social e Igualdade. No seu caso deberá remitir solicitude motivada, xustificando a súa necesidade.

Considéranse subcontratacións as accións contratadas a terceiros por COGAMI, que supoñan a execución total ou parcial dunha ou varias das intervencións previstas nas áreas incluídas no programa de actuación establecido na cláusula segunda.



Será obrigatorio a subscripción dun contrato entre COGAMI e a entidade subcontratista, que deberá recoller como mínimo os seguintes contidos: obxecto da contratación, descrición da/s intervencións a realizar das descritas na cláusula segunda, data do inicio e duración total, identificación do persoal participante, que deberá contar cun perfil de titulación análogo ao previsto na cláusula terceira e orzamento así como a aptitude da entidade para executar o seu obxecto e a acreditación de que no se atopa incurso en prohibición de contratar.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade non lle acheguen valor engadido ao seu contido. Para tal efecto, considerarase que a subcontratación incrementa o custo da actividade se o custo hora do persoal que a desenvolva excede do custo hora das retribucións salariais establecidas para cada perfil profesional, para un máximo de 1.720 horas para un período de 12 meses.

A factura emitida para xustificar o gasto en subcontratación deberá incluír a desagregación dos conceptos facturados.

O importe das subcontratacións non poderá exceder, no seu conxunto, da porcentaxe do 70% do importe total do programa. Para as condicións e requisitos da subcontratación non previstos neste apartado será de aplicación supletoria o establecido no artigo 215 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

NOVENA. Prazo e forma de xustificación e control das actuacións realizadas por cada unha das partes

1. Considerarase gastos imputables derivados da execución do convenio, susceptibles de ser financiados polas achegas financeiras das partes, aqueles que sendo xustificadas de conformidade coa normativa en vigor, están pagados a data de liquidación do convenio e responden de maneira indubitada á natureza e ao normal desenvolto do obxecto do convenio.



Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

2. A presentación da xustificación levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do programa e en todo caso con data límite 31 de agosto de 2025, achegando a seguinte documentación:

a) Un informe final que comprenda un estudo das actuacións desenvolvidas en execución deste programa, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas con discapacidade beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

2. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3. Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas por COGAMI.

4. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5. Os tres orzamentos que no suposto de gastos de importe superior a 15.000,00€ deba ter solicitado COGAMI.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de



contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o informe da revisión efectuada pola persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1. Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións en execución do programa como en relación aos conceptos de gasto.
2. Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes.
3. Verificación do cumprimento do disposto na cláusula novena en relación coas actividades subcontractadas, no seu caso.
4. Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula.
5. Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
6. Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do programa, e que este non supera o gasto da actividade nos termos do artigo 48.6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

COGAMI estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto.



3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos pola parte incumpridora, e no seu caso dará lugar a unha indemnización equivalente ao importe non debidamente xustificado.

DÉCIMA. *Forma de pagamento*

Tendo en conta a natureza deste Convenio de Colaboración, o pagamento realizarase mediante pagos parciais, unha vez emitida pola entidade COGAMI a factura mensual referente ás unidades de execución efectuadas na mensuralidade correspondente.

Así pois, a entidade COGAMI presentará as facturas mensuais correspondentes a través do Sistema Electrónico de Facturación (SEF) dispoñible no enderezo electrónico: https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/, dirixidas á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos e sancións.*

1. Entenderase cumprido o obxecto do convenio cando se realizase nos termos e a satisfacción de ambas partes, de acordo coas súas respectivas competencias,
2. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia e nos Títulos IX e X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia, modificación e extinción*



O presente convenio estenderá os seus efectos dende a data da súa formalización ata o 15 de setembro de 2025 e poderá ser prorrogado por acordo expreso das partes que deberá ser formalizado en calquera momento antes da expiración do prazo inicialmente pactado. Poderá ser modificado por mutuo acordo das partes mediante a subscripción da correspondente addenda de modificación.

Será causa de extinción do presente Convenio:

- a) O incumprimento do seu obxecto.
- b) A imposibilidade sobrevida da súa realización.
- c) A posta en marcha do futuro centro de Coidados Intermedios Público de Galicia nas instalacións do CEGADI

DÉCIMO TERCEIRA. Participantes no programa

Tendo en conta o carácter especial desta experiencia, consistente no desenvolvemento dun programa Integral de actuacións para a promoción da autonomía persoal e a inclusión social das persoas con discapacidade, a execución do mesmo dispensarase de forma gratuíta para as persoas usuarias que sexan seleccionadas.

DÉCIMO CUARTA. *Publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO QUINTA. *Protección de datos*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do



Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

COGAMI, no desenvolvemento do programa, en colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade asume a posición do responsable do tratamento da información.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados pola Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SEXTA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes de COGAMI,



designados por cada unha das persoas titulares da representación das partes asinantes así como os seus suplentes. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración. A persoa que ocupe a secretaría, así como o seu suplente será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en materia de discapacidade, designada pola persoa que ocupe a presidencia que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SÉTIMA. *Réxime xurídico e resolución de conflitos*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes; se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto



presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data de sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e	O Presidente da Confederación
Igualdade	Galega de Persoas con Discapacidade

Fabiola García Martínez

Anxo Antón Queiruga Vila

